

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2020**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Muras, o vinte e seis de febreiro de dous mil vinte, re3nese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n p3blica ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL  
DON MARIO ROUCO REY  
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO ARNEJO  
DON JES3S TRASTOY CAMBA  
DON ALBERTO D3AZ D3AZ

Non asiste a Concelleira DONA CRISTINA FRANCO PARDO  
Da fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.  
Sendo as vinte horas horas pola Presidencia declarase aberta a sesi3n.

De seguido, sometendose a debate e aprobaci3n os seguintes asuntos;

**1.- APROBACI3N SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESI3NS  
ANTERIORES**

Sometese a votaci3n as actas das sesi3ns do Pleno levadas a cabo o 26.12.2019 e 13.02.2020.

Sometese o punto a votaci3n.

O Concello en Pleno, en votaci3n ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar as actas.

**2.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLAUSULAS  
ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E T3CNICAS E DO INICIO DO  
PROCEDIMENTO DE LICITACI3N DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR  
NO CONCELLO DE MURAS**

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu cap3tulo II, o cat3logo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar (SAF) como un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atenci3ns 3s persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que 3 funci3n dos servizos sociais comunitarios b3sicos a xesti3n da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoci3n da Autonom3a Persoal e Atenci3n 3s persoas en situaci3n de dependencia, as3 como a normativa estatal e galega que a desenvolve, f3xose necesario establecer un novo marco regulador de car3cter b3sico dos contidos, formas de prestaci3n e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobaci3n da Orde do 22 de



xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

Coa publicación do Decreto 99 /2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, realízanse modificacións concretas que afectan ao desenvolvemento do servizo de axuda no fogar nas entidades locais.

Finalmente ter en conta a Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Muras (BOP de Lugo núm. 204, do 5 de setembro de 2018), e súas modificacións posteriores (BOP de Lugo núm. 201, do 2 de setembro de 2019 e BOP de Lugo núm. 247, do 28 de outubro de 2019) que recollen os requisitos e condicións de prestación do servizo de axuda no fogar de conformidade co marco normativo referenciado, que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias.

Visto que o Concello de Muras ten que levar a cabo a contratación do “Servizo de Axuda no Fogar SAF” tanto na modalidade de libre concorrència como de dependencia:

<b>Tipo de contrato:</b> CONTRATO DE SERVICIOS	
<b>Obxecto do contrato:</b> “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NA MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA NO CONCELLO DE MURAS”	
<b>Procedemento de contratación:</b> ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA	<b>Tipo de Tramitación:</b> ORDINARIA
<b>Código CPV:</b> 85312000-9 Servicios de asistencia social sin alojamiento	
<b>Valor estimado do contrato:</b> 1.763.590,00€	
<b>Orzamento base de licitación IVE excluído:</b> 1.058.154,00€	<b>IVE %:</b> 42.326,16€
<b>Duración da execución:</b> 3 anos prorrogable por dos anos máis (3 + 1 + 1)	

Dadas as características do servizo, considérase que o procedemento máis axeitado é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática.

Emitiuse informe de Secretaria-Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, a Lexislación



aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato así como sobre o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

En virtude da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.

Segundo os informes de Secretaria-Intervención, o órgano de contratación e o Pleno municipal

É por elo polo que proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

**PRIMEIRO.- INICIAR** o procedemento de licitación do servizo denominado “Servizo de axuda no fogar do Concello de Muras nas modalidades de libre concorrencia e dependencia”.

**SEGUNDO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato denominado “Servizo de axuda no fogar no Concello de Muras na modalidade de libre concorrencia e dependencia” por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática.

**TERCEIRO.-** Publicar no Diario Oficial na Unión Europea (DOUE) e no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de TRINTA DÍAS 30 días contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [www.muras.gal](http://www.muras.gal)

**CUARTO.-** Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante e na sede electrónica do Concello, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate, non se produce ningunha intervención.



Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

### 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE PRESCRIPCIÓN DE OBRIGAS PENDENTES DE COBRO DE EJERCICIOS PECHADOS

Vistas as seguintes obrigas pendentes de cobro de exercicios pechados:

EXERCICIO	PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE	MOTIVO
2000	32	TAXA POR REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	21,64	PRESCRIPCIÓN
2001	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	660,47	PRESCRIPCIÓN
2001	13	IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES	99,54	PRESCRIPCIÓN
2002	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	614,13	PRESCRIPCIÓN
2002	32	TAXAS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	86,56	PRESCRIPCIÓN
2003	11	IMPOSTOS SOBRE O CAPITAL	470,25	PRESCRIPCIÓN
2003	32	TAXAS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	64,92	PRESCRIPCIÓN
2004	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	763,07	PRESCRIPCIÓN
2004	32	TAXAS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	64,92	PRESCRIPCIÓN
2005	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	1.383,67	PRESCRIPCIÓN
2005	32	PAXAS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	398,16	PRESCRIPCIÓN
2006	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	1.793,40	PRESCRIPCIÓN
2007	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	1.840,00	PRESCRIPCIÓN
2008	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	64.369,52	PRESCRIPCIÓN
2008	32	TAXAS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	1.156,35	PRESCRIPCIÓN
2008	45	DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	19.229,61	PRESCRIPCIÓN
2009	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	3.716,54	PRESCRIPCIÓN
2009	13	IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES	0,01	PRESCRIPCIÓN
2009	32	TAXAS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	796,19	PRESCRIPCIÓN
2010	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	4.329,77	PRESCRIPCIÓN
2010	29	OUTROS IMPOSTOS INDIRECTOS	52,80	PRESCRIPCIÓN
2010	30	TAXAS POL APRESTACIÓN DE SERVICIOS	909,99	PRESCRIPCIÓN
2011	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	3.456,55	PRESCRIPCIÓN
2011	13	IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES	50,38	PRESCRIPCIÓN
2011	30	TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS	976,43	PRESCRIPCIÓN
2012	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	59.275,89	PRESCRIPCIÓN
2012	29	OUTROS IMPOSTOS INDIRECTOS	6,00	PRESCRIPCIÓN
2012	30	TAXAS POLA PRESTACIÓN DE	604,36	PRESCRIPCIÓN

		SERVIZOS		
2012	31	TAXA PRESTACIÓN SERVIZO PÚBLICO	5,00	PRESCRIPCIÓN
2013	11	IMPOSTO SOBRE O CAPITAL	7.244,77	PRESCRIPCIÓN
2013	29	OUTROS IMPOSTOS INDIRECTOS	43,44	PRESCRIPCIÓN
2013	30	TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS	14.607,37	PRESCRIPCIÓN
2013	32	TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	12,00	PRESCRIPCIÓN
2014	112	IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES	226,24	PRESCRIPCIÓN
2014	113	IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES	143,13	PRESCRIPCIÓN
2014	115	IVTM	2.094,84	PRESCRIPCIÓN
2014	300	SERVIZO ABASTECIMENTO AUGA	717,91	PRESCRIPCIÓN
2014	302	SERVIZO RECOLLIDA LIXO	1.426,70	PRESCRIPCIÓN
2014	450	ADM XERAL	36.156,21	PRESCRIPCIÓN

Visto que a contabilidade do Concello de Muras non pode reflectir a súa imaxe fiel con estes dereitos pendentes de cancelar, sendo necesario levar a cabo a depuración de debedores pendentes de pago, posto que a moitos deles éelles de aplicación as figuras da prescrición e/ou anulación.

Visto o informe favorable da Intervención municipal de data 18.02.2020, sobre prescrición e/ou anulación de dereitos recoñecidos pendentes de cobro.

De conformidade cos informes de fiscalización do Tribunal de Contas, a competencia está atribuída ao Concello Pleno, dado que a baixa de dereitos afecta as Contas Xerais da Corporación, correspondentes a exercicios pechados, as cales foron aprobadas polo Concello Pleno, polo que, segundo o devandito órgano supremo de fiscalización, a aprobación do expediente colectivo de baixa de dereitos por prescrición debe realizarse polo Pleno da Corporación.

Fiscalizado de conformidade o expediente de baixas de dereitos pendentes de cobro por importe total de DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E TRES CÉNTIMOS (229.868,73€), coa finalidade de que a contabilidade reflecta a imaxe fiel dos dereitos pendentes de cobro da Facenda do Concello.

En consecuencia, elévase ao Pleno a seguinte:

## PROPOSTA

**PRIMEIRO.-** Aprobado o expediente colectivo de baixa de dereitos recoñecidos pendentes de cobro procedentes de exercicios pechados, cuxo importe principal da mesma ascende á cantidade de DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E TRES CÉNTIMOS (229.868,73€), correspondente aos exercicios 2000 ata 2014, sendo a desagregación e detalle o que se expresa no anexo adxunto e listaxes que obran no expediente.

**SEGUNDO.-** Que polos servizos de Intervención procedáse a dar de baixa das contas contables e de recadación a débeda declarada prescrita e/ou anulada.

Non obstante, o Pleno adoptará o que estime oportuno.



Abeto o debate non se producen intervencións.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS.**

Vistas as seguintes facturas correspondentes á exercicios pechados, que importan a cantidade de VINTE E CATRO MIL OITO EUROS E OITENTA E OITO CÉNTIMOS (24.008,88€)

DATA REXISTRO	DATA FACTURA	NUMERO FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO	PROVEEDOR
09.01.2020	31.12.2019	1584	1.452,00	Servizo identificación animal	GABINETE TÉCNICO AGROP. TERRA CHA S.C.G. F27268580
06.01.2020	31.12.2019	556	196,02	Pandereita ebaile galego	SERVICIOS DEPORTIVOS DE GALICIA B15261167
02.01.2020	30.12.2019	0269	423,50	Obradoiro de pan con mel o 17 de novembro	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES S.L. B70290689
27.01.2020	31.12.2019	25	286,20	Servizos de comunicación ao Concello decembro 2019	ESTHER GARRIDO LOPEZ 32823779L
02.01.2020	31.12.2019	610	7.024,00	Recollida e transporte RSU decembro 2019	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. B27154731
14.01.2020	31.12.2019	2207	1.161,60	Limpeza colexio de Muras e PAI	ANA BELEN OTERO BERMUDEZ 33351815K
14.01.2020	31.12.2019	2206	441,70	Limpeza centro de saúde	ANA BELEN TERO BERMUDEZ 33351815k
14.01.2020	31.12.2019	2208	2.381,28	Limpeza do Concello, casa Rouco, centro interpretación, local social, escolas Viveiró, Silán, A Balsa, vestiarios	ANA BELEN OTERO BERMUDEZ 33351815K
09.10.2019	09.10.2019	5/2019	991,10	Honorarios de dirección facultativa das obras de Reparación e consolidación Ponte Bermúz	MANUEL GUMERSINDO DURAN FUENTES 32380143F



23.12.2019	20.12.2019	00001062	9.253,08	Reparaciones de averías no alumado público de Muras	MONCHO Y SANTOMÉ S.L. B27279645
30.12.2019	26.12.2019	124	144,00	Clases de oilates e adestramento funcional	LAURA ROCA ENGROBA 33536671A
27.12.2019	26.12.2019	000002	254,40	Clases de manualidades decembro 2019	MARIA VAZQUEZ GARCIA 32774806J

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención Municipal en data 18/2/2020 de febreiro de 2020.

Considerando que o principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ó presuposto de cada ano soamente os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos realizados dentro do mesmo exercicio orzamentario.

Atendido que no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), ó definir o Presuposto das entidades locais como “a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigacións que como máximo, pode recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercizo,...” está recoñecendo dito principio de anualidade orzamentaria.

Considerando que no mesmo senso se pronuncia o artigo 2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLHL.

Tendo en conta que tanto o artigo 163 TRLHL como o artigo 3 do RD 500/1990, ó definir o exercizo orzamentario, establecen:

“O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a él se imputarán:

...b) as obrigacións recoñecidas durante o mesmo”.

E por último, no relativo ós gastos, os artigos 176.1 TRLHL e 26.1 do RD 500/1990, que recollen: “Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada presuposto sóo poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen dentro do ano natural do propio exercizo presupostario”.

Vista que a relación de facturas correspondentes a exercicio pechado que se somete agora a aprobación non foi sometida no seu momento por falla de consignación orzamentaria ao presentar as facturas no rexistro municipal o último día do ano.

Visto que o artigo 176.2 TRLHL establece unhas excepcións ó principio de anualidade e, posteriormente no seu desenvolvemento regulamentario, o artigo 26.2 do RD 500/1990 engade unha nova no seu apartado c) no seguinte senso:

“2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

...c) As obrigacións procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto.” (Art. 60.2 RD 500/1990: “Corresponderá ó Pleno da entidade local o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Considerando que algunhas das facturas reparadas refírense a servizos como o de recollida de lixo e voluminosos, limpeza dos edificios municipais e mantemento eléctrico.



Considerando que non resulta posible a prestación de servizos básicos para os cidadáns sen a prestación de ditos servizos ou subministracións, polo que existen razóns de interese público suficientes para entanto non se proceda a regularización de ditos contratos continuar coa súa prestación de forma provisional.

Considerando que este Alcalde, dou orde a Secretaría-Intervención de que se tramitaran diferentes procedementos de contratación pública, entre eles os referenciados, sen que a día de hoxe se finalizara a tramitación dos expedientes.

Considerando que os servizos e subministracións dos contratos enumerados foron efectivamente prestados, e que non aboar as facturas correspondentes supoñería un enriquecemento inxusto da Administración.

Visto que o artigo 173 TRLRHL, di que as obrigas de pago so serán exixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme.

Por todo elo, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- LEVANTAR** o reparo con efectos suspensivos formulado pola Interventora municipal, que consta no informe de data 18.02.2020

**SEGUNDO.- APROBAR** o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos das facturas correspondentes a exercicio pechado que importan a cantidade de VINTE E CATRO MILOITO EUROS E OITENTA E OITO CÉNTIMOS (24.008,88€)

**TERCEIRO.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes á indemnización por enriquecemento inxusto de cada un dos acreedores relacionados con cargo a cada unha das partidas recollidas na relación.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime procedente.

Aberto o debate producense as seguintes intervencións:

Sra. Requeijo Chao indica que dende o Concello poderíase axudar ou dar facilidades a autónomos para que o servizo de limpeza de edificios sexa prestado por xente de Muras. O Sr. Alcalde responde que antes de contratar ca empresa que actualmente presta o servizo, falouse con xente do municipio q que non lle interesou a ninguén.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

**5.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**





Mediante acordo do Pleno de data 9 de novembro de 2016 procedeuse á modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis (IBI) introducindo unha serie de modificacións co fin de axudar aos vecinos a afrontar o “catastrazo” que aprobara o Partido Popular no seu día dende o goberno central.

Introducíronse unha serie de bonificacións entre as que se atopa a seguinte, segundo o tenor literal da ordenanza publicada no BOP de Lugo nº 294 de 26 de decembro de 2017:

#### Artigo 9º. Bonificacións

[...]

4. Segundo o disposto no artigo 74.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, establécese unha bonificación do 90% sobre a cota íntegra do imposto aos bens inmóbeis urbanos e rústicos emprazados:.....[...]

Posteriormente detectouse que dito apartado adolecia dun erro xa que dita bonificación so pode abarcar aos bens inmóbeis urbanos.

Advertido dito erro levouse a corrección á sesión ordinaria do Pleno do Concello de Muras celebrada o 30 de xullo de 2018.

Debido a un erro administrativo, non quedou reflexada dita corrección na acta da sesión

E por iso polo que elevo ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis coa redacción que a continuación se recolle:

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES NO CONCELLO DE MURAS

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e artigos 61 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e artigos 6, 7 e 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, e as modificacións de ditos textos introducidas pola Lei 16/2007 de 4 de xullo, Disposición Adicional Sétima e Décima, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en sentenza de 30 de maio de 2007 pola que declara nulo e expulsa do ordenamento xurídico parte da redacción do artigo 23 do Regulamento de Desenrolo da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, regulase mediante a presente ordenanza fiscal o Imposto sobre Bens Inmóbeis coas excepcións que se conteñen máis adiante e conforme ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza.

Artigo 1º.- Feito imponible.



1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmóbles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos, urbanos e sobre os inmóbles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles o sobre os servizos públicos aos que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmóble urbano o rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Nos inmóbles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmóble non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmóble non afectada por unha concesión.

Teñen consideración de bens inmóbles de natureza urbana, rústicos e bens inmóbles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario os comprendidos nos seguintes grupos:

1. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e ás centrais nucleares.
2. As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu leito ou vaso, agás as destinadas
3. As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
4. Os aeroportos e portos comerciais.

E lo coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de Desenrolo do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007.

O carácter urbano ou rústico do inmóble dependerá da natureza do solo.

#### Artigo 2º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmóbles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmóble directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmóbles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o Ente ou Organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do núm. 1 do artigo 63 do Texto Refundido de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004 na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.



As administracións públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

#### Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.
2. Os coparticipantes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.
3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houberse adxudicado.
4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 4º. Exencións e afecciones reais

- 1.- Exencións directas de aplicación de oficio: As comprendidas no art. 62.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, destacando a seguinte:
  - a) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento reglamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arboredo sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- 2.- Exencións directas de carácter rogado: As comprendidas con tal carácter no art. 62.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, destacando a seguinte:
  - a) A superficie dos montes nos se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arbóreas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a solicitude.
- 3.- Exencións potestativas; en aplicación de criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo, segundo o establecido no art. 62.4 do TRLFL, quedarán exentos de tributación no Imposto os recibos e liquidacións referidos
  - a) Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a seis euros.
  - b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a seis euros.
- 4.- Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Porén, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederese se na data de devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.
- 5.- Afección real na transmisión e responsabilidade solidaria na cotitularidade. De acordo ao artigo 64 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade



subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmóveis asociadas ao inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non terse aportado a referencia catastral do inmovible, conforme ao apartado 2 do artigo 43 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme ao previsto no artigo 70 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

6.- Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción as súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades as que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, si figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario.

De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

#### Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmóveis, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmóveis de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLHL na súa redacción dada por Lei 16/2007.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

#### Artigo 6º. Reducións.

1.- A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmóveis, urbanos e rústicos, que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a) Inmovible cuxo valor catastral se incrementa como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valor aprobado con posterioridade ao 1-1- 1997 ou por aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e cuio valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

- 1.- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.
- 2.- Procedemento de valor colectiva de carácter parcial.
- 3.- Procedemento simplificado de valoración colectiva.
- 4.- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.

2.- A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67, 68, 69 e 70 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Estas reducións, en ningún caso serán aplicables aos bens inmóveis de características especiais, salvo as establecidas anteriormente e contidas en dito texto legal.



#### Artigo 7º. Base liquidable

- 1.- A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, na impositible as reducións que legalmente se establezan.
- 2.- A base liquidable, nos bens inmoables de características especiais, coincidirá coa base impositible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.
- 3.- A base liquidable notificarase conxuntamente coa base impositible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmoable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.
- 4.- O valor base será a base liquidable conforme ás normas do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmoableiro aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo e regulamentos de desenrolo.
- 5.- A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida no Texto Refundido da Lei do Catastro Inmoableiro aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo e regulamentos de aplicación.

#### Artigo 8º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

- a.- Para os bens inmoables de natureza urbana: o 0,4
- b.- Para os bens inmoables de natureza rústica: o 0,4
- c.- Para todos os grupos de bens inmoables de características especiais: o 1,3 %

#### Artigo 9º. Bonificacións.

Aplicaranse as bonificacións obrigatorias do art. 73 coas seguintes características e requisitos e establécense as bonificacións potestativas de acordo co art. 74 do texto Refundido da Lei das Facendas Locais:

1. Unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmoables que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.
- b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.
- c) Acreditación de que o inmoable obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.
- d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.



2. Unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia. Dita bonificación concederáse a petición do interesado que poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos no seu caso dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

3. Unha bonificación do 95 % da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 da referida Lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

4. Segundo o disposto no artigo 74.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, establécese unha bonificación do 90% sobre a cota íntegra do imposto aos bens inmoables urbanos emprazados:

Na zona de Rede Natura, total ou parcialmente, entre os que se atopan, os seguintes núcleos:

Na parroquia de O Burgo:

- Armada de Baixo
- Armada de Riba
- Reboiras
- A Serra
- Carracedo
- O Barral
- Carelle Pequeno
- Carelle
- Cal do Baño
- Cabeceira
- Fragarrara
- Porto do Río
- Panceira

Na parroquia de Irixoa:

- Saamil
- Vilarcobo
- Travesal
- Arealba

Na parroquia de Viveiró:

- Rebordelos
- Aborbó

Na parroquia de A Balsa:

- Toda a parroquia enteira

5. En virtude do establecido no artigo 74.2 quáter, gozarán dunha bonificación do 95% por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmoables nos que se desenvolvan total e exclusivamente, actividades agrarias e gandeiras pertencentes ao sector primario, e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.



Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria ou gandeira, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.

-Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria ou gandeira. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.

-Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

-Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.

-Xustificante de recoñecemento da explotación ou licenza da actividade correspondente.

6. En virtude do artigo 74.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicaranse bonificacións na cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición.

Así mesmo deberá acreditarse por parte do interesado, que o inmovible sobre o que pretende que se lle aplique a bonificación, constitúe a súa vivenda habitual, e que están empadroados nela todos e cada un dos membros que constitúen a unidade familiar numerosa.

Conforme ao establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, e demais normativa concordante, gozarán, na cuantía e condicións que se regulan neste artigo, dunha bonificación na cota íntegra do imposto correspondente á vivenda habitual da familia.

A tal efecto, entenderase por vivenda habitual a finca urbana de uso residencial destinada exclusivamente a satisfacer a necesidade permanente de vivenda do suxeito pasivo e a súa familia.

Presumirase que a vivenda habitual da familia numerosa é aquela na que figura empadroada a familia.

No suposto de que o suxeito pasivo beneficiario sexa titular de mais dun inmovible radicado no Concello de Muras, a bonificación quedará referida a unha única finca urbana, sempre que, ademais, constitua a vivenda habitual da unidade familiar, sin que poida gozarse de mais dunha bonificación aínda que foran varias as vivendas das que dispoña o suxeito pasivo ou a súa familia.

As bonificacións por esta condición quedan establecidas no seguinte xeito:

Categoría familia numerosa	Porcentaxe Bonificación para unidades familiares con ingresos de ata 3 veces o SMI	Porcentaxe Bonificación para unidade familiar con ingresos de mais de 3 veces o SMI e que non o superen en 5 veces
Xeral (tres ou catro fillos)	90,00%	50,00%



Especial (cinco ou mais )	50,00%	50,00%
---------------------------	--------	--------

A bonificación establécese de xeito anual e prorrogable, sempre e cando os bens inmobles sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior aos 32.000,00 euros.

Os suxeitos pasivos que cumprindo cos requisitos establecidos pretendan desfrutar desta bonificación deberán presentar a correspondente solicitude, á que deberán achegar a seguinte documentación:

-Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

-Un certificado de empadramento no que consten todos os residentes do inmovible obxecto de bonificación.

-Copia do Imposto da Renda das Persoas Físicas ou, no seu caso, dos ingresos da unidade familiar.

Esta bonificación é compatible coa regulada no artigo 9.2 da presente ordenanza.

#### Artigo 10º. Período impositivo e acreditación do imposto

1. O período impositivo é o ano natural.

2. O imposto acredítase o primeiro día do ano.

3. As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

4. Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ao que figura no seu Padrón, liquidará o IBI na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.

5. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios "meritados" e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que se van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

6. No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e aos anteriores a cota satisfeita por IBI a razón de outra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

#### Artigo 11º. Réxime de declaración e ingreso

1 Aos efectos previstos no artigo 76 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia a efectos deste imposto.

2. Sendo competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser presentadas á administración municipal, ante a cal debemos indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.

3. Sen prexuízo da obrigaçión dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais, o Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ao Catastro a incidencia dos valores catastrais ao outorgar licenza ou autorización municipal.





4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores – recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.

5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ao contencioso -administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.

6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Porén, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra de xeito concluínte a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores - recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme ao Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario de 5 de marzo de 2004.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iniciarase o período executivo, o cal comporta a acreditación do recargo do 20 por cento do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por cento cando a débeda se ingrese antes de que fora notificado ao debedor a providencia de constrinximento.

#### Artigo 12º. Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais se entenderán exercidas pola Administración convida ou delegada. Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

#### Artigo 13. Revisión.

1. Os actos de xestión e inspección catastral do imposto serán revisables nos termos e de acordo cos procedementos sinalados no RDL 2/2004, de 5 de marzo e no Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

2. Os actos de xestión tributaria do imposto serán revisables conforme o preceptuado no artigo 14 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e demais concordantes de aplicación.

#### Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta Ordenanza fiscal estarase ao disposto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Disposición adicional segunda.

As modificacións producidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento do presente imposto será de aplicación dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal derroga a publicada no BOP de Lugo do 26 de decembro de 2017, e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.muras.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

QUINTO.- Dar conta do acordo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación de Lugo

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate non se producen intervencións.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Vista a ordenanza do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Muras, publicada no BOP de Lugo número 95 de data 26 de abril de 2006.

Visto que no artigo 4 régulanse as bonificación pero debido a un erro de apreciación dende a Deputación de Lugo, Servizo de Recadación, consideran que non é posible aplicar a mesma.



E por iso polo que propono ao Pleno a adopción da seguinte

## PROPOSTA

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica coa redacción que a continuación se recolle:

## ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

### I.- Disposición Xeral

Artigo 1.- De conformidade co establecido polo artigo 2, en relación cos artigos 56, 59 e 92 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

### II.- Feito Impoñible

#### Artigo 2.-

1.- O imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Considerarase vehículo apto para a circulación o que houber sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causase baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

### III. Exencións

#### Artigo 3

1.- Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados, e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros, con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos.



e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A de o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro. Así mesmo, estarán exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo.

Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Considerarase, para estes efectos, persoa con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por 100.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2.- Para poder gozar das exencións a que se refiren as letra e) e g) do apartado I do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

3.- Para os efectos previstos no apartado anterior, os interesados deberán solicitar a exención por escrito no Rexistro Xeral da Corporación, debendo acompañar os seguintes documentos:

a) No suposto dos vehículos para persoas de mobilidade reducida, segundo a letra A de o anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, e de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.
- Certificado da minusvalía emitido polo órgano competente.
- Xustificante da exención do Imposto especial sobre determinados medios de transporte (Imposto de matriculación), no seu caso.
- Declaración de empadramento no municipio de Muras.
- Acreditación de que o vehículo vai estar destinado exclusivamente a uso do minusválido.

b) No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícola:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.
- Fotocopia do Certificado de Características.
- Fotocopia da Cartilla de Inscripción Agrícola, a que se refire o artigo 5 da Orde do Ministerio de Agricultura do 4 de outubro de 1977, expedida necesariamente a nome do titular do vehículo.
- Declaración de empadramento no municipio de Muras.

Non procederá a aplicación desta exención, cando pola Administración Municipal compróbase que os tractores, remolques ou semirremolques, de carácter agrícola, dedícanse ao transporte de produtos ou mercadorías de carácter non agrícola ou que non se estime necesario para explotacións da devandita natureza.

#### IV.- Bonificaciones.

##### Artículo 4.

1.- Os vehículos históricos e todos aqueles que a 31 de decembro de 2020, teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñece, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto. Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación



ou primeira matriculación por medio dunha copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. O peticionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente do pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.

#### V.- Suxeitos pasivos.

##### Artigo 5.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nomee conste o vehículo no permiso de circulación, salvo que se acredite por calquera dos medios de proba admisibles en Dereito, que a propiedade do vehículos afectado foi transmitida a outra persoa, sendo entón esta última, a obrigada ao pago do imposto, sen prexuízo das sancións tributarias ás que houberse lugar, de acordo co previsto no artigo 12 desta Ordenanza.

2.- De acordo co previsto no parágrafo anterior, poderán ter a consideración de suxeitos pasivos do imposto, as herdanzas yacentes, comunidades de bens e demais Entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición.

#### VI.- Cotas.

##### Artigo 6.

1.- O imposto esixirase con arranxo ao cadro de tarifas que, en cada momento, estableza o artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- Para os efectos da aplicación do referido cadro de tarifas, e a determinación das diversas clases de vehículos, estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario e disposicións complementarias, especialmente o RD 2822/98, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos. En todo caso, dentro da categoría de tractores, deberán incluírse, os “tractocamiones” e os “tractores de obras e servizos”.

3.- A potencia fiscal, expresada en cabalos fiscais, establecerase de acordo co disposto no artigo 11.20 do Regulamento Xeral de Vehículos, en relación co anexo V do mesmo.

#### VII.- Período impositivo e pagamento.

##### Artigo 7.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo nos supostos de primeira adquisición de vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición. 2.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

3.- O importe da cota do imposto se prorrata por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo, desde o momento en que se produza dita baixa definitiva no Rexistro Público correspondente.

4.- No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria a cota será irreducible e o obrigado ao pago do imposto será quen figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro e nos casos de primeira adquisición o día en que se produza dita adquisición.

#### VIII.- Xestión do imposto: altas, transferencias, reformas, cambios de domicilio e baixas.

##### Artigo 8.



1.- De conformidade co disposto no artigo 99.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 2.1 do Real Decreto 1576/89, do 22 de Decembro, quen solicite a matriculación dun vehículo deberán presentar ao propio tempo na Xefatura Provincial de Tráfico, en exemplar triplicado, e con arranxo ao modelo aprobado polo Concello, o documento que acredite o pago do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ou a súa exención.

2.- A oficina competente poderá, previa a comprobación dos elementos tributarios declarados, practicar a oportuna liquidación complementaria.

3.- Para os vehículos xa matriculados, o pago das cotas anuais do imposto, realizarase dentro dos prazos que se establezan para o efecto.

#### Artigo 9.

1.- De conformidade co disposto no artigo 99.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada ao mesmo pola Lei 51/2002, e no artigo 2.3 do Real Decreto 1576/89, do 22 de Decembro, os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa dos devanditos vehículos, deberán acreditar previamente perante a referida Xefatura Provincial o pago de todas as débedas polo devandito concepto devengado, liquidadas, presentadas á cobranza e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

2.- Na tramitación dos expedientes sinalados no apartado anterior, deberá presentarse a oportuna declaración en relación ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que fornecerá os seus efectos ao exercicio seguinte en que se produza.

#### VII.- Réxime Sancionador.

##### Artigo 10.-

1.-Infraccións e sancións. Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións, regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

##### Disposicións Adicionais.

Primeira.- As referencias aos permisos de circulación contidos na presente Ordenanza, enténdense referidas ás licenzas de circulación no caso de ciclomotores a partir da entrada en vigor do RD 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

Segunda.- As modificacións producidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera elemento do presente imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

##### Disposición Transitoria.

Os vehículos que resultando exentos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica con anterioridade á entrada en vigor da Lei 51/2002, do 27 de decembro, por aplicación da anterior redacción do artigo 93.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non cumpran os requisitos fixados para a exención na nova redacción dada ao devandito precepto pola Lei



51/2002, continuarán tendo dereito á aplicación da exención prevista na redacción anterior do citado precepto, en tanto o vehículo manteña os requisitos fixados naquela para tal exención.

Disposicións finais.

Primeira.- No non previsto especificamente nesta Ordenanza, rexerán as normas da Lei Xeral Tributaria e as disposicións que, no seu caso, dítense para a súa aplicación.

Segunda.- A presente Ordenanza Fiscal derroga a publicada no BOP de Lugo 95 do 26 de abril de 2006, e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.muras.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

QUINTO.- Dar conta do acordo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación de Lugo

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate non se producen intervencións.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

## **7.- MOCIÓN DE URXENCIA**

Presentase unha moción por parte de PSOE-PSdeG.

Sometese a urxencia da pmoción a votación



O Concello en Pleno, en votación ordinaria por seis votos a favor, acordan aprobar a presentación por urxencia da proposición presentada ao Pleno.

Dase lectura da moción:

### MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR O FIN DOS RECORTES ORZAMENTARIOS NO PLAN MARCO DE MELLORAS DE CAMINOS MUNICIPAIS

O pasado 10 de febreiro, o Diario Oficial de Galicia publicou unha resolución do 19 de decembro pola que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021. Un plan cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Nesa convocatoria, a cantidade consignada para as axudas no conxunto de Galicia é de 11.974.836 euros, dividida a partes iguais en dúas anualidades de 5.987.418 € nos anos 2020 e 2021. Esta cantidade supón unha redución de máis dun 25% con respecto as axudas adicadas a melloras de camiños municipais na convocatoria anterior, de decembro do 2018, na que a partida orzamentaria era de 15.998.687€ a repartir en dous anos.

Os e as socialistas murenses queremos denunciar por iso un novo caso de recortes que afectan a todos os concellos galegos é, dun xeito especial, a aqueles que contan cun marcado carácter rural, como sucede neste concello e na maioría dos da nosa provincia. Unha política de recortes que a Xunta ven desenvolvendo dende o ano 2016. Naquela data, o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias, contou cun orzamento de 19.998.110 euros. O plan foi anual e contou con financiación da UE a través dos fondos Feader.

No ano 2017, a Xunta pasou a reducir esa cantidade en case catro millóns de euros: os fondos pasaron de case 20 millóns a só 16. Pero ademáis, o plan, que deixou de ter o apoio do Feader, fíxose bianual, isto é, a redución real fixo que os concellos pasaran de dispoñer de 20 millóns anuais a contar con só 8 millóns anuais. Un recorte dun 60% nas axudas dispoñibles para mellorar estas infraestruturas viarias, capitais na vida do rural.

Agora atopámonos cun novo recorte, xa que eses 16 millóns que Agader viña adicando a melloras nos camiños municipais redúcense de novo e quedan en só 12 millóns. Isto a pesar de que se conta de novo con financiamento dos fondos Feader. Como se mantén o carácter bianual do plan, 2020/2021, isto quere dicir que os concellos contarán con so 6 millóns de euros anuais, unha nova redución do 25% na confía destas axudas.

En total, a cantidade anual que perciben os concellos reduciuse nun 70% con respecto ó ano 2016, ó pasar de preto de 20 millóns anuais a só 6.

Desglosando as cifras, os concellos lucenses recibirán no ano 2016, 5,3 millóns de euros para executar obras de melloras nos camiños. No seguinte plan marco, esa cantidade pasou ser de 4,12 millóns a repartir en dous anos, e dicir só 2 millóns de euros ó ano, unha redución do 63%.

No novo plan marco de 2020/2021, esta cantidade redúcese de novo, xa que os 4,12 millóns pasan a ser apenas 3,06. Isto é, os concellos de Lugo pasaron a dispor de 5,3 millóns no ano 2016 a ter só 1,5 actualmente. A redución con respecto dos fondos do ano 2016 é do 71,7%. Por citar só o exemplo do noso concello de Muras, pasamos de ter 79786 euros na anualidade do 2016 a 20947,5 euros na anualidade 2021, falamos de 58838,5 euros menos, un 74%.





Esta sistemática liña de recortes orzamentarios supón de feito que Agader está a incumprir os seus obxectivos e a súa razón de ser, que é reforzar o tecido social e mellorar a capacidade organizativa das áreas rurais, promovendo a execución de obras de conservación e melloras das infraestruturas rurais.

Por todo o exposto, o Grupo municipal Socialista quere rexeitar esta política de recortes que afecta, dun xeito especial, os concellos do rural, e que supón unha nova mostra do desinterese do goberno da Xunta cara a mellora das condicións de vida dos seus veciños.

Sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que o concello de Muras inste á Xunta de Galicia a:

- Esixir á Xunta de Galicia, que preside Alberto Núñez Feijóo, que abandone esta política de recortes e manteña as axudas para traballos de mellora na rede de camiños municipais nun nivel que permita os concellos acometer as obras necesarias para garantir o bo estado desta rede de infraestruturas fundamental para o mundo rural.

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por tres votos a favor ( 2BNG, 1 PSOE-PSdeG) e 3 abstencións (3PP), acordan aprobar a moción presentada ao Pleno.

## **8.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dase conta das Resolucións.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Tráense ao Pleno as preguntas presentadas pola voceira do grupo municipal do PP e que son as seguintes:

- Arranxo das pistas de acceso á Serra (O Burgo) e ao Aborbó (Viveiró).

O Alcalde responde que o acceso á Serra atopase incluído dentro do proxecto do Plan Único e que en canto ao Aborbó, e un arranxo que se fixo hai dous anos e haberá que mirar cal é o problema.

- Pasos canadienses: Chao das Seixas (A Balsa) e no camiño da Cabana (Muras).

O Alcalde informa que xa están ao tanto das solicitudes dos pasos canadienses pero que neste caso, hai uns veciños que os queren e outros non; que si o PP trae un consenso de todos os veciños, os poñerán.

- Na Escola da Balsa: arreglo da zona que hai entre o aglomerado e a beirarrúa donde se forma lama en esta época do ano e a instalación dun termo de auga quente.

O Alcalde responde que en canto á instalación dun termo de auga quente, non hai problema pero que o arranxo do chan non pode facerse xa que os terreos non son municipais.

- A Balsa: facer a soleira de formigón para os cubos de lixo o pé do palco.



Indica o Alcalde que tampouco hai consenso entre os veciños.

- Poñer alumeado público e arranxar a zona que hai por detrás da escola vella do Viveiró e das vivendas que hai alí.

Responde o Alcalde que quereser facer unha rehabilitación da praza pero que co proxecto de Starlight, teñen que facer un certificado de luminosidade e hai que ter en conta esa cuestión. Ademais, a zona da que fala o PP no seu escrito é unha zona que os veciños empregan coma se fose privada e iso non pode ser así.

Sra. Requeijo Chao, replica que en canto a zona da escola da Balsa, tan só queren que se bote un pouco de zorra e que o Alcalde lles dixera que para facelo era necesario que a comunidade de montes cedera os terreos o Concello. E que, en canto ao alumeado, o tema do Stralight está moi ben pero que as zonas están despoboándose e cando iso suceda eses alumeados apagaranse definitivamente.

Interven o Sr. Trastoy Camba para dicir que o terreo da Balsa non hai que cedelo ao Concello para que o arranxe. Que aquilo da moito servizo a moita xente, que está cheo de lama e que non lle vale a disculpa de que os terreos teñen que ser do Concello. Que o Concello xa fai actuación en terreos privados.

O Alcalde dí que non entende iso de que o Concello fai traballos en terreos privados.

Sr. Trastoy Camba dí que se entra tanto en terreos públicos como privados.

O Alcalde explica que aquí, no Concello, a xente estaba moi acostumada a que dende o Concello se lles arranxara as súas fincas privadas e que agora, salvo informe da traballadora social ese tipo de actuación non se fan xa que non son legais. Que se quere botar aglomerado diante da escola da Balsa que é terreo da comunidade de montes? Pois terán que ceder os terreos ao Concello.

A Sra. Requeijo Chao di que é a terceira ou cuarta vez que se lles chama mentirosos. Que están aprendendo a ser concelleiros e que o grupo de goberno xa sabe como funciona isto xa que levan catro de experiencia. E que gracias ao anterior mandatario tanto ela coma súa familia poden saír das súas casas sen pisar lama.

Tamén dí que, en canto á subvención da luz, que dende o Concello debería enumerarse a documentación que debe presentarse para solicitala xa que moita xente lle pregunta a ela qué é o que teñen que presentar. Que en canto as horas e datas das comisións, que antes de notificalas, que se mire ben se están correctas ou non. E que, en canto os EPI's do persoal do Concello, di que o persoal está a cortar as árbores sen a equipa necesaria e que o Alcalde lle dixera que si os teñen; por iso, convida ao Alcalde para o día seguinte para ver se é certo ou non que teñen os EPI's regulamentarios.

En canto á palabra mentirosos, o Alcalde lle contesta á Sra. Requeijo Chao que si quere a poder cambiar por outra pero que hai que falar con criterio e aprender entre o que é público e o que é privado. Que dende o Concello sí entraron camións en fincas privadas: para a Feira do Poldro, para colocar a carpa para as festas pero sempre co permiso dos propietarios pero non para facer obras. Respecto do horario das comisións dí que para a última a chamou para explicarlle que por motivos personais tiñan que retrasala. En



canto aos EPI's, di que o persoal conta con eles. Que antes non tiñan nada e que a Sra. Requeijo Chao o sabe perfectamente xa que antes traballaba no Concello como técnica de prevención de riscos pero non facía os informes oportunos xa que carecía da titulación para poder facelos.

A Sra. Requeijo Chao responde que sí tiña titulación: curso básico.

De seguido o Alcalde lle da a palabra ao Sr. Rouco Rey e dí que en canto a Escola da Balsa, si que sería necesario arranxala pero o mesmo que para a obra da depuradora do Viveiró, é necesario que os veciños cedan os terreos ao Concello.

En canto á subvención da luz, responde que a xente ten teléfono para poder chamar o Concello e preguntar sobre cal é a documentación que teñen que presentar. Respeto dos pasos canadienses, que xa hai tempo que os estan poñendo donde son necesarios.

Que o Stralight e algo moi importante para o Concello de Muras de cara a diferencialo doutros Concellos.

Respeto da experiencia di que cando empezou adicoulle moito tempo a aprender e saber cómo estaban os expedientes do Concello. E que en canto as obras en público ou privado, só uns poucos escollidos eran os agraciados co anterior mandatario aos que lles asfaltaban diante das súas casas.

No mesmo senso pronunciase a Sra. Chao Ramil que recorda que cando era nena asfaltouse todo, aproximadamente no ano 1990. Que os proxectos os fixera J.L. Soto e que deixara unha partida para arranxo de currales e que o anterior Alcalde adicou dita partida a arranxo de estradas e pistas e que nas Coruxas nunca se fixo nada pero que en casas próximas a súa, en terreos privados, si se fixeron obras.

Por último o Alcalde responde que os traballadores si teñen os EPI's pero o que non pode ser e que sexan coma policías e andar encima dos traballadores todo o día para que os poñan.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión as vinte e un horas e vinte e catro minutos, da que se estende a presenta acta que firma comigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe

